

MANIFESTO: AMOR NON É CONTROL

Di o mito, que os humanos fomos creados con 4 brazos, 4 pernas e 2 caras. En vista de que podíamos ser moi poderosos, Zeus decidiu dividirnos en dúas metades, de tal xeito que anduvéramos polo mundo buscando a nosa outra metade.

Porén, co paso dos séculos o ser humano non foi quen de manter este balance, que desembocou nunha desigualdade entre homes e mulleres.

Hoxe en día, este desequilibrio mostra a súa peor cara a través da violencia machista.

As estadísticas non enganan, e os casos de violencia contra as mulleres foron aumentando, especialmente para o caso de Galicia, onde o número de rapazas que denuncian aumentou notablemente.

Moita xente cre que a violencia machista é soamente física, pero na maioría dos casos trátase dunha violencia psicolóxica, que se soe dar tamén na xente xoven.

Pero, amor non é control.

Amor non é decirme o que podo ou non podo vestir.

Amor non é esixirme o contrasinal do meu móbil.

Amor non é obrigarme a facer algo que non quero facer.

Amor non é decirme que foto podo ou non podo subir.

Amor non é interrogarme cando chego á casa.

Amor non é bombardearme a mensaxes ata que che contesto.

Amor non é preguntarme quen me dou like á foto.

Amor non é decirme con quen podo ou non podo estar.

Amor non é control.

Non o fas polo meu ben.

Amor é coidar.

Amor é compartir experiencias.

Amor é apoiarme.

Amor é dialogar entre iguais.

Amor é respetarme.

Amor é falar e non calar as cousas.

Amor é estar sempre aí.

Amor é deixarme ser.

Tal e como decíamos antes con aquel mito, unha persoa complementa á outra.

Así que, non queiras ser só unha metade e disfruta sendo unha enteira.

Amor non é control.